



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Segundo Idioma Moderno II: Alemán		Código	662G01048
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	AlemánCastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	emcancela@gmail.com	
Profesorado	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	elena.martin@udc.es	
	Martín Cancela, Elena		e.mcancela@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia foi deseñada para dotar os futuros graduados duns coñecementos e habilidades medios necesarios para comprender e facerse comprender en situacións habituais da vida cotiá en países de fala alemá, así como para poder desenvolver unha conversación de temas cotiáns e turísticos cunha persoa de fala alemá. Ademais proporcionaráselle ao alumnado uns coñecementos lingüísticos que lle permitan desenvolver as competencias lingüísticas medias (oral e escrita) para que sexan capaces de desenvolver tarefas en empresas do sector turístico con clientes de fala alemá ou outras empresas de países de fala alemá.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Aprender as estruturas básicas da lingua alemá a nivel medio.	A6 A16 A17	B1 B4 B6 B7	C2 C7 C8
Adquirir unhas nocións de grao medio de léxico e estruturas gramaticais propias do sector turístico.	A13 A15 A16	B1 B2 B3 B4 B6 B7	C1 C2 C5 C7
Coñecer os diferentes costumes, culturas e normas de comportamento nos países de fala alemá.	A16 A29	B4 B5 B6 B7	C2 C3 C4 C6 C7
Comprender e producir mensaxes orais e escritas a nivel medio en situacións tanto persoais coma relacionadas co campo do sector turístico con empresas e persoas de fala alemá.	A13 A16 A29	B1 B3 B4 B6 B7	C2 C7

Contidos



Temas	Subtemas
Reservierungsdialoge im Hotel	AUSSPRACHE: .- Repaso das regras de pronunciación da lingua alemá. GRAMMATIK: .- Repaso e consolidación da declinación alemá (artigos e pronomes). .- Tempos pasados: Perfekt y Präteritum. KOMMUNIKATION: .- Expresar en modo oral e escrito estruturas básicas na recepción dun hotel.
Reservierungsbrieife	AUSSPRACHE: .- Entoación en oracións con múltiples complementos. GRAMMATIK: .- Conxuncións e adverbios temporais. KOMMUNIKATION: .- Expresions e estruturas típicas da correspondencia formal.
Im Hotel	AUSSPRACHE: .- Entoación en oracións impersonais. GRAMMATIK: .- Oracións impersoais. .- Preposicións de dirección. .- Declinación do adxectivo e do sustantivo. (N-Deklination) KOMMUNIKATION: .- Comunicarse cos clientes e dar información dos servizos dun hotel.
Die Rechnung, Beschwerde und Zufriedenheit der Gästen	AUSSPRACHE: .- Entoación e pronunciación de palabras compostas. .- A entoación como marcador de cortesía. GRAMMATIK: .- Grao comparativo do adxectivo e adverbio. .- Oracións de relativo. KOMMUNIKATION: .- Estructuras típicas das cartas de queixas. .- Fidelización do cliente.
Pauschalreise und Reiseangebot	AUSSPRACHE: .- A entoación en oracións subordinadas. GRAMMATIK: .- Conxuncións e conectores. Oracións subordinadas. KOMMUNIKATION: .- Estructuras propias das ofertas, viaxes turísticos e paquetes de viaxe.



Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba oral	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 C2 C4 C8	2	0	2
Traballos tutelados	A15 A29 B1 B2 B6 B7 C1 C3 C5 C6	20	30	50
Sesión maxistral	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B5 C2 C3 C7	20	35	55
Obradoiro	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3 C4 C6	15	20	35
Proba mixta	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3	2	0	2
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral	Nos últimos días do curso terá lugar unha proba oral consistente nunha presentación dun establecemento turístico seguindo as pautas e indicacións explicadas en clase.
Traballos tutelados	O alumno deberá realizar exercicios de expresión escrita relacionados con cada un dos temas tratados na aula. O número das devanditas redaccións e a súa extensión serán fixados semanalmente polo profesor.
Sesión maxistral	O profesor impartirá as clases maxistrais co fin de comunicar e transmitir aos alumnos os coñecementos básicos da lingua para que eles poidan aplicalos posteriormente no resto de actividades e probas que se desenvolvan ao longo do curso.
Obradoiro	Cada un dos temas tratados nas clases maxistrais levará asignado unha serie de tarefas e exercicios destinados a consolidar e fixar os coñecementos explicados. As devanditas tarefas poderán ser ben orais ou escritas.
Proba mixta	Ao final do curso realizarase 1 proba mixta final escrita que constarán de dúas partes diferenciadas: a.- Exercicios de gramática. b.- Expresión escrita + Comprensión lectora Para superar as probas será necesario ter unha nota mínima en cada unha das dúas partes (exercicios e expresión escrita+comprensión lectora).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral Traballos tutelados	Previa á proba oral realizarase unha sesión conxunta cos alumnos na que o profesor responderá e orientase ao alumnado de cara á preparación da presentación dun lugar turístico. Así mesmo os traballos tutelados irán acompañados de sesións breves (individuais ou en grupo) nas que se abordarán as problemáticas que vaian xurdindo ao longo do curso na realización das devanditas probas. A final de curso terá lugar unha última sesión na que se responderán e aclararán todas as dúbidas que aínda puidese haber.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba oral	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 C2 C4 C8	A proba oral consistirá nunha presentación pública individual dun establecemento turístico. Só os alumnos que teñan unha asistencia mínima dun 75% ás clases, e entreguen os traballos ao longo do curso, poderán presentarse a dita proba.	10



Traballos tutelados	A15 A29 B1 B2 B6 B7 C1 C3 C5 C6	É necesario ter entregado un mínimo do 75% dos traballos tutelados para que a cualificación destes se teña en conta na nota final da materia. Os traballos, unha vez feita a primeira corrección por parte do profesor, deberán ser corrixis polos alumnos e deberanos de entregar novamente para que sexan tidos en conta na cualificación final da materia. O final do curso o alumno deberá contar con un portfolio que será entregado seguindo as indicacións de forma e tempo estipuladas para a súa valoración na avaliación final, sempre que a nota da proba mixta final sexa igual ou superior ao 4.	15
Proba mixta	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3	As probas mixtas constarán de dúas partes: a.- Exercicios de contido gramatical. b.- Expresión escrita + comprensión lectora. Será necesario ter mínimo un 4 en cada unha das dúas partes das que consta a devandita proba para superala (exercicios de gramática e expresión escrita+comprensión lectora). Para que se teñan en conta as notas obtidas no resto de traballos realizados ao longo do curso o alumno deberá de obter no exame final escrito unha nota igual ou superior ao 4.5.	75

Observacións avaliación

- A entrega das redaccións, a proba oral e o resto de probas que se realicen ao longo do curso serán tidas en conta na valoración final da materia sempre e cando se trate da Convocatoria Ordinaria (1ª Oportunidade) e o alumno obteña unha nota mínima de 4 no exame escrito final.
- Para que os traballos tutelados podan ser tidos en conta na cualificación final da asignatura, o alumnado deberá presentar en forma y fecha o dossier final cos traballos tutelados. Ditos traballos Terán que ser entregados obrigatoriamente en formato papel, non podendo enviarse por correo electrónico.
- No resto de convocatorias a cualificación final da materia quedará supeditada ao exame escrito. Isto é aplicable a todos os alumnos.
- No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "norma que regula o réximen de dedicación ao estudo dos estudantes de grado na UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5)" a nota final da asignatura será aquela que resulte da proba mixta final mais os traballos tutelados. En caso de ser posible recoméndase ao alumno facer a proba oral para poder ser tida en conta, neste caso a nota final será a suma porcentual da proba mixta, a proba oral e os traballos tutelados. De calquera modo os traballos terán que ser entregados en la fecha que se establezca, para o que o alumnado terá que estar en contacto con outros compañeiros ou ben co profesor.
- Aquelos alumnos que incurran en prácticas ilícitas (emprego de tradutores automáticos para la elaboración de traballos tutelados, plagio, etc.) non poderán presentarse a proba oral e a cualificación nos traballos tutelados será de 0.
- Lembrese ós alumnos que o uso de calquera axuda ou dispositivo no examen final está totalmente prohibida, e no caso de utiliza calquera soporte no permitido quedará automaticamente suspenso independentemente da nota do examen e outras probas.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Werner, G (2001). Grammatiktraining Deutsch. Langenscheidt - Borrueco, M (2000). Reisen. DaF für das Tourismusstudium. Lehrbuch.. Síntesis
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	- Lemcke, Ch. Rohrmann, L (2009). Berliner Platz 1 Neu. Langenscheidt - Lemcke, C & Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A2. Langenscheidt - Borrucco, M (2000). Reisen. Deutsch als Fremdsprache für das Tourismusstudium. Arbeitsbuch. Síntesis - Al Dreyer, H. & Schmitt, R (2000). Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik. Hueber - Cohen, U (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Lehrbuch. Langenscheidt - Cohen, U (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Arbeitsbuch. Langenscheidt - Cohen, U (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Lehrbuch. Langenscheidt - Cohen, U (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Arbeitsbuch. Langenscheidt - Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana. Idiomas - Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana: Ejercicios. Idiomas - Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Gramática. Herder - Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Ejercicios. Herder - Fandrych, C & Tallowitz, U (2008). Klipp und Klar. Gramática práctica del alemán. Klett - Lemcke, C & Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A1. Langenscheidt - Rusch, P & Schmitz, H (2007). Einfach Grammatik. Übungsgrammatik Deutsch A1 bis B1. Langenscheidt
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Segundo Idioma Moderno I: Alemán/662G01047

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Segundo Idioma Moderno III: Alemán/662G01049

Observacións

Recomendase ao alumno que planifique o seu traballo ao longo de todo o curso seguindo a materia de forma continuada e realizando as tarefas indicadas en tempo e forma correctas. O esforzo continuo permitiralle levar a materia de forma cómoda, consolidar os novos coñecementos apoiándose nos anteriores e asumir un ritmo de traballo axeitado seguindo as pautas e indicacións do profesor. O estudo individual da materia deberá ir ao mesmo tempo co temario e actividades que se desenvolvan na aula. No caso do idioma alemán, debido á complexidade que supón para alumnos hispanofalantes recoméndase especialmente que se leve unha asimilación e estudo dos conceptos adecuado para evitar as présas e falta de tempo a final de curso. O alumno deberá ser capaz de relacionar os diferentes conceptos que se verán ao longo do curso para poder desenvolver as súas capacidades lingüísticas e comunicativas coa maior eficiencia posible. En todo momento se poñerán a disposición do alumno consellos e pautas de estudo que lle axuden nesta tarefa. Así mesmo recordar a posibilidade de acudir a titorías personalizadas ao longo do curso para resolver problemas ou dúbidas individuais do alumno.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías